



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2020

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Setembro 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexista no mes de setembro en Galicia unha caída do 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 10,2 puntos superior á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 12,7%, taxa 2,6 puntos superior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 6,9% e nos Outros servizos o 2,3%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de setembro agás en Murcia.
- O persoal ocupado no sector servizos rexista un descenso do 4,7% en Galicia e do 5,3% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de setembro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un descenso do 5,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 10,2 puntos á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 12,7%, rexistro 2,6 puntos superior ao do mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 6,9%, resta 5,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 2,3% e restan 0,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 6,8% e nos *Outros servizos* o 22,8%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe a súa facturación o 10,4%, co que resta 5,5 puntos á taxa de variación do índice xeral e a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 4,6%; en senso contrario, o *Comercio ao retalho* aumenta un 3,1%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 9,0%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 4,1% e o *Comercio ao retalho* o 3,0%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 2,3%. As maiores caídas rexístranse na *Hostalería*, -39,5%, co que resta 1,8 puntos á taxa de variación do índice xeral, e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -31,1%, co que restan 1,2 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra o maior incremento, 21,7%, e achega 2,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* tamén incrementan a súa facturación en setembro, 3,4%.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 22,8%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-48,7%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-34,6%).

Nos nove primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 14,4% en Galicia e un 16,9% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 15,9% en Galicia e un 13,3% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 9,5% e en España un 23,4%.

Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares son os sectores con maiores caídas no que vai de ano tanto en Galicia como no conxunto de España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 10,0% no mes de setembro. O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería* que, cunha taxa do -39,5%, resta 10,0 puntos.

Dous sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (12,8%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,2%).


No acumulado do ano, o índice diminúe un 16,8%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-45,7%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 11,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en Murcia (3,3%). Tres comunidades rexistran taxas inferiores á media nacional: Illes Balears (-44,3%), Canarias (-33,1%) e Madrid (-17,7%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-39,8%), Canarias (-29,5%), Madrid (-19,7%) e Cataluña (-17,2%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-2,7%) e Extremadura (-6,2%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 4,7% respecto ao mes de setembro de 2019, 0,6 puntos menos que en España (-5,3%).

A ocupación diminúe un 1,8% no *Comercio* e un 6,8% nos *Outros servizos*. En España o persoal ocupado diminúe no *Comercio* un 2,5% e nos *Outros servizos* un 7,0%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -17,6% en Galicia e do 16,3% en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 3,6% en Galicia e un 4,1% no conxunto do Estado.

¹ Hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de setembro con respecto ao mesmo mes do ano 2019. O maior descenso dáse en Illes Balears (-19,6%). A comunidade onde menos cae a ocupación é Murcia (-0,4%)

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-14,2%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,3%).

Índices de persoal ocupado. Setembro 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	121,6	-5,7	-14,4
Comercio	118,6	-6,9	-15,9
Venta e reparación de vehículos de motor	102,5	-4,6	-18,5
Comercio por xunto	123,9	-10,4	-19,4
Comercio ao retalho	109,9	3,1	-4,6
Outros servizos	129,9	-2,3	-9,5
Transporte	166,0	21,7	9,3
Hostalería	77,8	-39,5	-45,7
Información e comunicacións	110,6	-2,1	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	126,5	3,4	-2,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,6	-31,1	-32,7
España			
Xeral	105,9	-12,7	-16,9
Comercio	110,2	-6,8	-13,3
Venta e reparación de vehículos de motor	119,4	-4,1	-22,7
Comercio por xunto	111,9	-9,0	-13,5
Comercio ao retalho	103,5	-3,0	-9,3
Outros servizos	98,2	-22,8	-23,4
Transporte	98,4	-20,0	-20,6
Hostalería	68,1	-48,7	-50,3
Información e comunicacións	105,7	-10,2	-9,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,2	-7,4	-13,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	87,5	-34,6	-31,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	116,6	-10,0	-16,8
Comercio	116,2	-4,5	-13,9
Transporte	170,8	12,8	3,6
Hostalería	79,5	-39,5	-45,7
Información e comunicacións	112,0	-1,3	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	128,5	3,2	-1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,2	-10,7	-15,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,9	-12,7	-16,9
Andalucía	103,2	-9,3	-14,3
Aragón	114,1	-4,5	-12,5
Asturias	113,1	-3,8	-12,5
Balears, Illes	80,6	-44,3	-39,8
Canarias	78,4	-33,1	-29,6
Cantabria	121,2	-4,4	-12,8
Castilla y León	103,4	-3,6	-11,8
Castilla-La Mancha	119,1	-1,9	-11,6
Cataluña	102,5	-11,9	-17,2
Comunitat Valenciana	108,5	-6,0	-12,8
Extremadura	117,0	-5,1	-6,1
GALICIA	121,6	-5,7	-14,4
Madrid	107,0	-17,7	-19,7
Murcia	113,8	3,3	-2,8
Navarra	118,2	-3,9	-11,1
País Vasco	112,5	-8,2	-13,9
Rioja, La	118,1	-5,1	-11,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,3	-4,7	-3,6
Comercio	107,0	-1,8	-0,8
Venta e reparación de vehículos de motor	97,6	-3,1	-2,7
Comercio por xunto	119,3	-1,4	0,1
Comercio ao retalho	101,8	-1,8	-1,1
Outros servizos	103,9	-6,8	-5,7
Transporte	104,5	-3,2	-4,3
Hostalería	92,3	-17,6	-12,4
Información e comunicacións	110,5	1,1	0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,0	0,6	-0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,1	-4,5	-4,8
España			
Xeral	104,7	-5,3	-4,1
Comercio	103,9	-2,5	-1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	104,2	-3,7	-2,6
Comercio por xunto	107,4	-1,4	-0,9
Comercio ao retalho	101,7	-3,0	-2,1
Outros servizos	105,2	-7,0	-5,6
Transporte	106,4	-3,9	-3,0
Hostalería	97,1	-16,3	-12,0
Información e comunicacións	109,8	-1,1	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,4	-1,8	-1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,7	-4,9	-5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERAN UAL	NO QUE VAI DE
ESPAÑA	104,7	-5,3	-4,1
Andalucía	101,5	-5,7	-4,6
Aragón	107,4	-4,7	-3,5
Asturias	104,3	-2,5	-3,0
Baleares, Illes	107,3	-19,6	-14,2
Canarias	100,1	-9,6	-6,4
Cantabria	105,9	-4,9	-4,7
Castilla y León	102,6	-4,1	-3,8
Castilla-La Mancha	104,8	-3,9	-3,2
Cataluña	106,7	-5,5	-4,1
Comunitat Valenciana	104,9	-4,4	-3,3
Extremadura	104,2	-5,1	-3,7
GALICIA	105,3	-4,7	-3,6
Madrid	105,5	-3,9	-3,1
Murcia	109,7	-0,4	-1,3
Navarra	104,7	-5,5	-4,7
País Vasco	103,3	-3,4	-3,0
Rioja, La	105,8	-5,0	-3,4

Fonte: INE